

“SENTINDO O XURÉS”

Ciclo medioambiental, cultural e deportivo

- 1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN**
- 2. OBXECTIVOS**
- 3. ACTIVIDADES**
- 4. CRONOGRAMA**
- 5. DESCRIPCIÓN DE CADA ACTIVIDADE**
- 6. AVALIACIÓN**
- 7. FINANCIAMENTO**
- 8. GASTOS ESTIMADOS, INFRAESTRUCTURAS E MATERIAL**

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A asociación Lirio do Xurés presenta un ciclo trimestral cuxo obxectivo principal será amosar, descubrir e sentir o entorno do Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés. Levaremos a cabo unha serie de actividades e eventos dirixidos á toda a poboación tanto local como visitante. Buscamos a colaboración con empresas, organismos e asociacións da zona, de xeito que poidamos comezar a crear así unha rede de colaboración multidisciplinar na zona. Será moi importante contar có apoio dos organismos de xeito que poidan facilitarnos o uso das súas instalacións e unha axuda á hora de promocionar o ciclo de actividades.

Cremos que este ciclo pode ser moi interesante tamén para poder observar a resposta dos e das cidadás á hora da súa participación neste tipo de actividades e eventos. Buscamos tamén espertar o interese na comunidade infantil e xuvenil dun xeito primordial, pois cremos que o noso maior valor está neste círculo e nunha adecuada educación en valores e participación colectiva có obxectivo de amosarlles que no entorno rural existe unha gran variedade de ocio, lecer e educación fora do ámbito escolar. Para lograr esto botaremos mán dunha metodoloxía participativa, libre e de auto-aprendizaxe, así como dunha toma de decisión dende a súa autonomía. Este obxectivo persegue ter unha continuidade real e participativa para o resto do ano de xeito que poidamos seguir organizando máis actividades e poder rematar creando un grupo medioambiental infantil e xuvenil.

O entorno do Xurés é un entorno moi rico e cun potencial aínda por descubrir ou aínda por explotar. Cremos cegamente en que o camiño correcto é a unión de organismos, asociacións e empresas que están traballando para que o Xurés sexa unha realidade turística en todas as súas vertientes. Buscamos achegar este entorno á xente da provincia e do resto da Comunidade Autónoma. Sabemos que é un camiño longo pero tamén sabemos que se non levamos a cabo proxectos como este o Xurés será sempre un lugar descoñecido e inactivo en múltiples puntos. Este é proxecto ambicioso partindo de que nós somos unha asociación que está nacente, pero a ilusión e as ganas de facer son as que nos fan botar a andar proxectos como este. O final do mesmo faremos unha avaliación e unha valoración en base á participación, á colaboración e á resposta da cidadanía local e visitante que serviranos para seguir a nosa labor de dinamización rural neste entorno.

2. OBXECTIVOS

A continuación concretaremos os obxectivos que pretendemos acadar con este ciclo trimestral:

- Achegar ó entorno do Parque Natural do Xurés tanto á xente local como á xente de fora.
- Fomentar a participación cidadá nas actividades que lles ofrece o seu entorno máis próximo.
- Fomentar na infancia e na xuventude a práctica de actividades na Natureza
- Amosar que no rural pódense levar a cabo actividades e eventos que atraian a persoas e colectivos ó noso entorno.
- Inculcar valores de respecto e coidado cara a Natureza e o medio ambiente.
- Formar a xente en materias e contidos relacionados co medioambiente (orientación, primeiros auxilios, coñecemento da fauna e da flora do entorno...)
- Potenciar a colaboración entre as diferentes asociacións, colectivos e negocios da zona do Xurés.

3. ACTIVIDADES

O ciclo contará con varios tipos de actividades. Organizaremos rutas de senderismo, monográficos sobre diferentes materias e temáticas, ciclo de cinema e documentais, contacontos, rutas en BTT, Obradoiros, Fotografía e arte... A continuación detallamos as actividades que levaremos a cabo:

- Rutas de senderismo
- Rutas en BTT
- Rutas a cabalo
- Rutas específicas infancia e xuventude
- Aprendizaxe sobre a fauna e flora do entorno do Xurés
- Obradoiro de masaxes
- Ioga
- Obradoiro de xabóns naturais
- Obradoiro de reciclaxe
- Xornadas fotográficas
- Concurso de fotografía e relatos e poesía
- Monográfico de orientación e lectura de mapas
- Monográfico mecánica nas biciletas
- Ciclo de cinema e documentais relacionados co medioambiente e Natureza
- Visita ós colexios da zona: día de medioambiente, contacontos e reciclaxe
- Obradoiro de reciclaxe a través da expresión artística

4. CRONOGRAMA

O ciclo terá lugar nos meses de Xaneiro, Febreiro e Marzo e serán maioritariamente nas fins de semana. En cada un dos meses tentaremos repartir os diferentes tipos de actividades a levar a cabo de maneira que en cada mes organizaremos rutas de senderismo, cinema, obradoiros ou rutas en BTT.

XANEIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17 Ruta Sendeirismo (Historia do contrabando)
Xornadas Fotografía : Concurso fotográfico de “O Bosque Máxico” *						
18	19	20	21	22 Cineclube	23	24
25	26	27	28	29	30 Ruta BTT	31 Ruta BTT

*Estas xornadas fotográficas faranse nunha das semanas do mes de Xaneiro aínda por concretar.

FEBREIRO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
1	2	3	4	5	6	7 Ruta Sendeirismo
8	9	10	11	12 Cineclube	13 Ruta send. infantil - xjuvenil	14
15	16	17	18	19	20 Ruta BTT	21 Ruta BTT
22	23	24	25	26 Cineclube	27 Ruta Sendeirismo	28 Obradoiro Xabóns
29						

MARZO

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5 Ruta send. Infantil- xjuvenil	6 Ruta Ecuestre
7	8	9	10	11 Cineclube	12	13 Ruta sendeirismo. (O lobo como eixe principal)
14	15	16	17	18	19 Ruta BTT	20 Ruta BTT
21	22	23	24	25 Cineclube	26 Obradoiro Reciclaxe	27 Ruta Sendeirismo
28	29	30	31			

5. DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES:

RUTAS DE SENDEIRISMO

17 – Xaneiro: Ruta de Queguas. Unha ruta circular de 8´4 quilómetros. Tempo aproximado: 3 horas. Faremos un percorrido dende a Casa da Moura en dirección á pedra de Anamán, dunha hora ida e volta. Levaremos a un historiador especialista nas rutas do contrabando.

7 – Febreiro: Ruta a Santa Eufemia. Remataremos na sede do Parque cunha charla sobre o lobo no Xurés.

27 – Febreiro: Ruta do Río Agro. 13 quilómetros, circular.

13 – Marzo: Ruta foxo do lobo – Salgueiro – Guende. Finalizar coa charla sobre a historia do lobo e o lobo na actualidade. Durante a ruta acompañaranos un experto que contará a historia, lendas e tradicións que xiran arredor do lobo na comarca do Xurés.

27 – Marzo: Ruta da Corga da Fecha – Cabaniña do Curro – Vía Romana – Inicio da ruta. Faremos unha variante circular.

RUTAS DE SENDEIRISMO PARA A INFANCIA E XUVENTUDE

As rutas, aínda que non as temos ó cen por cen concretadas, queremos que rematen na sede do Parque ou nalgún local do Concello de Lobios, onde pretendemos rematar cun rato de xogos e obradoiros. Queremos aproveitar as rutas para amosarlles a importancia do coidado do noso entorno, das nosas tradicións... e ensinalles sobre a flora e a fauna que poidamos irnos atopando. Tamén utilizaremos o compás para inicialos na orientación.

RUTAS DE BTT

As rutas propiamente serán cada domingo sinalado no calendario. Colaboraremos con Aviva en Maus de Salas para levar a cabo estas rutas. Cada persoa participante poderá vir simplemente á ruta e ó xantar na sede ou poderán elixir chegar xa o sábado a unha serie de actividades e obradoiros relacionados co deporte da bicicleta na montaña. Cada noite do sábado proxectaremos unha película ou un documental tamén relacionados.

30 e 31 – Xaneiro: O sábado a opción será dun paseo polo encoro do Salas, ubicación e coñecemento do entorno do Xurés, unha sesión de Ioga e unha proxección cinematográfica.

20 e 21 – Febreiro: O sábado faremos un obradoiro de mecánica nas bicicletas e aprenderemos a actuar ante calquer imprevisto que poida suceder na montaña. Teremos un obradoiro de masaxe e unha proxección cinematográfica.

19 e 20 – Febreiro: O sábado tentaremos levar a cabo un pequeno curso de fotografía de paisaxe e unha proxección cinematográfica.

OBRADOIROS

28 – Febreiro: Obradoiro Xabóns Ecolóxicos. Impartido por Lúa, de Parada de Ventosa.

26 – Marzo: Obradoiro Reciclaxe a través da expresión artística. Dirixido principalmente á participación infantil e xuvenil, pero aberto a todas as idades. Actividade en familia. Este obradoiro terá continuidade nos seguintes meses e perseguirase que poidamos finalizalo cunha exposición final.

CHARLAS E MONOGRÁFICOS

Polo dagoa non podemos ubicar estas charlas e temáticas en ningunha das datas fixadas, posto que dependemos dos e das profesionais que poidan vir a axudarnos nestas materias. Pero si temos claro que estos serán as temáticas a tratar:

- **Orientación e lectura de mapas.**
- **Flora do lugar**
- **lobo no Xurés**
- **As aves no Xurés**
- **Historia da zona, rutas do contrabando, antigos oficios, formas de vida...**
- **Mecánica bicicletas**

6. AVALIACIÓN

Faremos unha avaliación progresiva en base a varios factores como o número de participantes, o número de organismos, empresas ou asociacións que colaboren no proxecto, a satisfacción na xente participante... Será máis que nada unha observación directa e a través da comunicación coas persoas. Poderemos incluso pasar algún cuestionario, sobre todo nas actividades coa infancia e xuventude.

Ó final do trimestre teremos nas máns tanto as nosas propias valoracións como do resto da comunidade (participantes e colaboradores) e con este feed-back poderemos

tomar as mellores decisións de cara ó futuro á hora de programar novos eventos e sacar adiante novos proxectos.

7. FINANCIAMENTO

A nosa idea é buscar financiamento privado na zona. Un dos obxectivos da nosa asociación é o apoio ó comercio e ó emprendemento local. Visitaremos comercios e empresas da zona que queiran colaborar con nós dun xeito tanto económico como de infraestruturas, material, alimentos... Tamén visitaremos ós concellos onde levemos a cabo as actividades, buscando unha asuda similar cá no ámbito privado (instalacións, equipamentos, promoción, facilidades...) Temos claro que o principal non será tanto buscar efectivo se non buscar un apoio que vai moito máis alá, pero sen esquecermos que para poder facer as actividades gratuitas ou o máis económicas posibles, precisaremos un fondo económico que nos facilite poder contratar ós e ás profesionais que imos precisar. En cada actividade ou evento indicaremos sempre os nomes das entidades, empresas ou persoas que están colaborando no proxecto.

8. GASTOS ESTIMADOS, INFRAESTRUTURAS E MATERIAL

- Precisaremos unha sala para o visionado das películas e dos documentais
- Un proxector
- Unha sala ou local para levar a cabo os obradoiros
- Económicamente temos como gastos o pago ós e ás diferentes profesionais:
 - historiador especialista nas rutas do contrabando
 - experto na historia e tradicións relacionadas coa figura do lobo
 - docente obradoiros xabóns
 - docente obradoiro reciclaxe e arte
 - contacontos

Número de profesionais: 5

Estimamos un gasto de entre 50 e 70 euros para cada unha destas persoas, total: 300 €

Ingresos: Como dixemos con anterioridade, pretendemos recaudar diñeiro de forma privada (empresas, donacións...) E pedir nos diferentes concellos axuda en materia de difusión, infraestruturas, material... pero se ben estes organismos puideran colaborar cunha pequena aportación económica, tamén sería de gran axuda. A nosa idea é non ter

que cobrar polas actividades e eventos (exceptuando aloxamentos e comidas nos albergues que utilicemos como o de Maus de Salas).

Ingresos desexados antes da realización do proxecto: 500 €